



**ACTA PLENO REANUDACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 11 DE DECEMBRO DO 2019.-**

<p><b>ASISTEN:</b> Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna M<sup>a</sup> Victoria Montenegro Paz. Dna Olimpia Marcos García. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D. Luis Cendán Fernández. Dn. Emilio Mesías Farías. Dna. Cristina Cadena Freire. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e corenta e quince minutos do día once de decembro do dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	---

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**Punto núm. 1.- Ratificación cambio de data sesión plenaria**

Sometida a votación a ratificación cambio de data sesión plenaria o Pleno do Concello por 11 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP) e 2 en contra (2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

**Punto núm. 2.- Aprobación das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 28-10-19, 19-11-19 (reanudación s.ordinaria) e 19-11-19 (extraordinaria)**

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e os bos días a todos/as manifesta que hai unha serie de erratas, a primeira na acta do 28/10/2019 vemos que hai unha interrupción non sabemos se a propósito ou senón, a acta remata con rogos e preguntas, ese pleno levantouse antes de rogos e preguntas polo tanto onde di xa, se levanta a sesión por parte do Sr. Alcalde xa despois non tiña que vir nada mais, porque o pleno remata cando remata a sesión polo tanto nós pedimos que se elimine todo aquilo que hai despois de se levanta a sesión.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

Toma a palabra o Sr.Secretario dicindo que pódese quitar pero é un mero formalismo.





Intervén o Sr. Alcalde preguntando que quitamos.

Reponde o Sr. Secretario dicindo que o **punto 7. Rogos e Preguntas.**

Intervén novamente o Sr. Alcalde preguntando si hai algunha cuestión sobre algunha outra acta ou so é nesta.

Responde o Sr. Mesías dicindo que non.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que hai un erro na acta do 19/11/2019 na votación do punto 1; **onde di 5 en contra (3PP) e 2 abstencións (2BNG) debe dicir 2 en contra (2PP-1 Ausencia xustificada de D. José Manuel Cendán Fernández) e 2 abstencións (2BNG).**

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que unha vez acordado modificar estes dous puntos sometemos as actas a votación.

Sometida a votación a aprobación das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 28-10-19, 19-11-19 (reanudación s. ordinaria) e 19-11-19 (extraordinaria) o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2 do BNG, 3 do PP), acorda prestar a súa aprobación.

### **Punto núm. 3.- Aprobación POS+2020**

Dáse conta da certificación do acordo plenario de aprobación do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLO) "POS+2020" de data 11/12/2019 que a continuación se transcribe;

#### **D. MANUEL LARROSA RODRIGUEZ secretario/a do Concello de ARES**

**C E R T I F I C A:** Que o Pleno deste concello, na sesión realizada o día 11/12/2019, adoptou o seguinte acordo:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2020"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020", "achega provincial 2019" e "préstamo provincial 2020"

#### **A) Financiamento do pago a provedores:**

	<b>Capítulo 11</b>	<b>Capítulo VI</b>	<b>To</b>
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	30.325,70		30.325,70
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de pago a	6.805,79	1.832,13	8.637,92
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>37.131,49</b>	<b>1.832,13</b>	<b>38.963,62</b>



**B) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	
Achega provincial 2019 (Excepción da Base 2.2 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	

**C) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Mellora da rede de abastecemento: rúa dos Anxos, rúa da Franxa e saída do depósito rúa Rodríguez Castelao	116.670,17	14.505,69	131.175,86
<b>Subtotal investimentos achega provincial</b>	<b>116.670,17</b>	<b>14.505,69</b>	<b>131.175,86</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2019 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>Subtotal investimentos achega provincial</b>			

PRESTAMO PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega	Orzamento total
Proyecto básico y de ejecución de aparcamiento anexo a Cortiñas Gil	114.436,61	2.413,75	116.850,36

<b>1 Subtotal investimentos préstamo provincial 2020</b>	<b>114.436,61</b>	<b>2.413,75</b>	<b>116.850,36</b>
--	-------------------	-----------------	-------------------

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2020 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades</b>		





## E) Resumo:

SUBTOTA		Deputació	Concell	Tot
A- PAGO A PROVEDORES	Achega 2019	30.325,70		30.325,70
	Achega 2020	8.637,92		8.637,92
B- GASTOS CORRENTES	Achega 2020			
	Achega 2019 (Excep. Base			
C- INVESTITIVOS	Achega 2020	116.670,17	14.505,69	131.175,86
	Achega 2019			
	Préstamo 2020	114.436,61	2.413,75	116.850,36
D- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2020			
TOTAL	Achega 2020	125.308,09	14.505,69	139.813,78
	Achega 2019	30.325,70		30.325,70
	Préstamo 2020	114.436,61	2.413,75	116.850,36
	TOTAL	<b>270.070,40</b>	<b>16.919,44</b>	<b>286.989,84</b>

2.-Aprobar o Plan Complementario do ano 2020 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial)	Orzamento
Mellara da rede de abastecemento nas rúas María, Real, Cupido e Estrela	139.955,67
<b>TOTA</b>	<b>139.955,67</b>

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreas, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resalto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.





6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas abrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

E para que así conste, expido a presente certificación de arde e co visto e prace da Alcaldía, en Ares a, 11 de decembro de dous mil dezanove.

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha intervención, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías manifestando que como ben dixemos saudamos o feito de que se destine o Achega 2020 a mellora a rede de abastecemento tanto na rúa dos Anxos como na rúa da Franxa e a saída do depósito na rúa Rodríguez Castelao, o que non nos quedou ben claro e si realmente a obra do aparcadoiro da Rectoral porque supoño que é a que di anexo a Cortiñas Gil se referirá a Rectoral non nos quedou moi claro porque nós non vimos a obra que se fixo co anterior Achega da Xunta de Galicia nós detectamos que había aí uns problemas que a noso entender eran graves ao respecto de que parece que non se rematou a obra en tempo e forma e aínda así despois apareceu non sabemos de que maneira, unha certificación de obra conforme si se fixera. Estivemos revisando ámbolos dous proxectos e está un pouco embarullado todo, hai erros nos proxectos de copiar e pegar supoño que doutros proxectos con referencia a outras obras que non son esta a da Rectoral entón nós o que preguntamos e se o goberno ten coñecemento de estas presuntas irregularidades e despois, cal é a razón pola que a concreción que supoño que será un complemento da outra obra pero gustaríanos saber cal é a concreción debido a que como dicía antes ao mirar os proxectos nos xurdan algunhas dúbidas por eses erros na súa redacción.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa primeira intervención dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández nós en principio por primeira vez, estamos case de acordo ca situación, viñemos reivindicando fai uns anos que o POS se aplicara ao tema do auga, creo que ven recollido bastantes faltan algunhas partes sen recoller o que non estamos de acordo é co tema do aparcadoiro e vou a explicar porque, o tema do aparcadoiro é un terreo que non é propiedade municipal eu creo que hai algunha urxencia máis como poden ser as Alianzas que é propiedade municipal e teñen un certo deterioro e que había que inverter aí. Eu creo que no tema do auga quedan algúns tramos sen recoller no proxecto e creo que se





debía recoller ao 100% das dúas rúas máis importantes que é a María e a Real que queda o primeiro tramo da zona norte e o tramo sur sen recoller. Quería explicar o tema do aparcadoiro porque non é terreo noso e eu creo que se agora está o plan xeral e se había tanto interese en querer facer un aparcadoiro debería meterse no plan xeral en equipamentos porque nós estamos agora preparando un terreo o imos ter durante uns anos porque é unha cesión pero ao final cando pasen cincuenta anos é igual que calquera cidadán que paga unha hipoteca o que pasa é que nós pagamos a hipoteca e ao final se queda a igrexa coa propiedade. Eu tiven algún convenio e algunhas relacións coa igrexa e quero deixalo claro aquí, cando foi o tema do tilo sabedes que aquilo era unha bodega que non valía para nada e fixemos un convenio para ampliar a praza da igrexa e decidimos facer a casa da rúa Real que era unha casa estaba un pouco deteriorada pero vive o cura alí e non nos puxeron pegas con outras propiedades da igrexa pasou o mesmo, ti vas a falar coa igrexa sobre algunha propiedade e se soben a parra e eu creo que andar gastando os cartos en propiedades que non son municipais e sen telo asegurado que o normal é que si o concello inverte cartos alí no plan xeral que se contemple como equipamentos e dicir, que ese solar non se poida reutilizar o día de mañá para especular ou para facer edificios creo que si nós imos inverter aí asegurarnos o futuro de aquí a cincuenta anos estaremos todos mortos pero que as xeracións que veñan que teñan dispoñibilidade diso e telo amarrado para sempre e que sexa de uso público municipal eu creo que iso o temos que ter en consideración dicir que estamos satisfeitos no 70% no tema do POS pero con isto non estamos polas explicacións que acado de dicir e o que imos facer é que nos imos a abster.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que en canto o tema do aparcadoiro creo recordar si me equivoco pois me equivoco, tiñamos un proxecto cunha execución máis ampla que da actual pero non chegou a resolución da xunta que non chegaba a execución tan ampla como a que ía con cargo a deputación, pero por non perder eses cartos decidimos acomodar os cartos aos cartos da xunta e o que queda por facer pois xa se fará, en consecuencia tiñamos que complementar varias subvencións para a execución do total porque non queríamos perder a subvención da xunta pero a subvención da xunta non chegaba para facer tanto como o que estaba previsto con cargo a deputación entón, tivemos que axustar o proxecto a baixa porque eran menos cartos e non chegou para todo, quedaron cousas por facer que xa se farán pero aproveitamos unha subvención que non tiñamos porque perder.

O Sr. Alcalde abre a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías manifestando que fixo unha pregunta ao respecto da obra que se fixo e dese incumprimento de prazo que posteriormente foi misteriosamente certificado como fin de obra en prazo pero non no prazo pois ben, xa que non contesta pois imos a manter a posición que mantivemos sempre ao respecto desta obra, nós consideramos que non era posible para facer un aparcadoiro iso tiña que ser nunha zona verde si é certo que non está no PXOM pero vaise facer un vial e se pode facer un aparcadoiro o cal di moito ao respecto do que se leva dito da ampliación do colexio. Nós pediríamos se fose posible porque senón non temos maneira de diferenciar os dous temas, por unha parte está a mellora de rede de







abastecemento da Rúa Anxos, Rúa Franxa e os depósitos da Rúa Castelao que estamos a favor e por outra parte está o proxecto básico de execución do aparcadoiro anexo a Cortiñas Gil que estamos en contra por iso nós preguntamos ao Sr. Secretario se fose posible facer unha votación diferenciada dos dous puntos e se é posible o noso voto vai ser favorable respecto de esas obras de abastecemento pero que conste en acta que estamos en contra da outra obra do proxecto básico e de execución do aparcadoiro anexo a Cortiñas Gil.

Remata a segunda quedan de intervencións o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que en principio tamén están de acordo, como son obras diferentes non sei o que contestará o Sr. Secretario pero eu creo que se poden dividir porque son obras diferentes e nós faríamos o mesmo, votaríamos a favor as obras do abastecemento de auga e nos absteríamos no tema do aparcadoiro porque como xa expliquei non imos a dicilo outra vez creo que si, que hai que facer aparcadoiros nos casco urbano aínda que sexan pequenos, pero neste caso ao non ser propietarios creemos que debemos priorizar as obras municipais e as propiedades municipais.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o punto é único e non se pode dividir a votación pero si se pode reflectir no acta as valoracións que consideren oportunas, en consecuencia o voto e si ou non pero pódense facer a salvedades que queirades, pero si é certo que o punto é único como sabe perfectamente o voceiro do PP que foi Alcalde que efectivamente o punto é único.

Pide a palabra o voceiro do NAL.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do NAL.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández dicindo que respecto ao aparcadoiro quería facer fincapé despois de escoitar aos voceiros eu creo que son as obras máis importantes que se fixeron por poñer unha prioridade, que se fixeron non últimos anos. O tema prioritario agora mesmo é o tema do aparcadoiro entón aí había tras unha negociación do Alcalde a cesión da casa rectoral había un terreo que colindaba con ela e estaba a venda era urxente mércalo porque pedira licenza para oito vivendas e era unha saída a un futuro aparcadoiro de 150 vehículos aproximadamente que están en dous fincas que están anexadas as que van hoxe no proxecto e eu creo que era unha xestión que habería que favor de inmediato. En canto a execución da obra non había os recursos económicos para executala e baseouse nunha subvención adaptada en fases, eu creo que isto nos debería de aledar a todos porque é unha da solucións a corto prazo máis importantes que se fixeron e ademais no casco urbano, no plan xeral non estaba previsto, non había convenio algún nin caíamos tampouco na venda da finca que da acceso agora ao aparcadoiro que estaba a venda co cal, se nos edifican naquela parcela ala vai o aparcadoiro, é un aparcadoiro sobre 150 vehículos hai dous fincas anexadas que están dentro dun polígono que estamos a espera diso e de negociar cos propietarios para pedir un gran aparcadoiro no casco urbano que ten a entrada en Cortiñas Gil e saldría polo Regueiro ou viceversa, quitando o aparcadoiro que está previsto fronte Cortiñas Gil faríase unha rúa de





entrada e saída a corto prazo, pero quero facer fincapé porque é unha obra importante é unha boa inversión a corto prazo. Pola miña parte nada máis o meu voto vai ser favorable.

Remata o Sr. Luis Cendán Fernández a súa intervención dando as grazas.

Sometida a votación a aprobación POS+2020 o Pleno do Concello por 10 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2 do BNG) e 3 abstencións (3 PP), acorda prestar a súa aprobación.

#### **Punto núm. 4.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.**

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

<b>Punto núm. 5.-</b>	<b>Días</b>	<b>Horario</b>	<b>Mocións-Propostas</b>
O Sr. Alcalde pregunta	Martes	7 horas durante a xornada de mañá	si hai algunha moción.
Non hai	Xoves	4 horas durante a xornada de tarde	

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción-proposta pola vía de urxencia.

Responde o Sr. Secretario dicindo que si, que hai unha petición do Concello de Fene.

Dáse conta da "Solicitud de colaboración interadministrativa do Concello de Fene que dará lugar a formalización dun convenio para que o funcionario este concello D. Benito Calvo Castro poda realizar funcións como Arquitecto Técnico de data 24 de novembro do 2019 do seguinte ter literal:

O Concello de Fene en base ao principio de colaboración interadministrativa recollido no art. 209 da Lei 2/2015 de 29 de abril, de emprego público de Galicia solicita a formalización dun convenio para que o funcionario dese Concello, Benito Calvo Castro, poda realizar funcións como arquitecto técnico nesta administración os seguintes días:

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que sempre fomos moi xenerosos cos concellos do entorno sexan do partido que sexan e sempre lles prestamos apoio e neste caso o Concello de Fene nos solicita un aparelador os martes durante toda a mañá e os xoves 4 horas de xornada de tarde, efectivamente a todas as peticións dos alcaldes veciños sempre respondemos favorablemente







e aquí temos que asinar un convenio para que o Sr. Benito Calvo Castro poida ir a Fene e queremos someter a aprobación a formalización deste convenio, non o trouxemos antes porque foi unha petición urxente de Fene.

Toma a palabra o Sr. Secretario dicindo que primeiro imos a votar urxencia para incluílo no orde do día.

Sometido a votación a urxencia da petición e a inclusión do punto no orde do día o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 2 do BNG e 3 PP), acorda prestar a súa aprobación.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e manifestando que sen mais datos dos que veñen aquí porque aquí só fala da petición do Concello de Fene pero non sabemos cales son as condicións que achega o Concello de Ares, isto vai a repercutir na xornada laboral e no servizo do Concello de Ares e como vai a repercutir economicamente quero dicir, esas horas que non traballa aquí vánselle a descontar vai seguir cobrando igual o vai seguir cobrando igual en Ares e ademais en Fene queremos saber todas esas cuestións.

Remata o Sr. Mesías Farías a súa intervención dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que lle parece ben o tema de votar unha man pero isto xa me parece que ao aparellador e ao secretario se lles están deixando ir a outros concellos, o tema do aparellador a min non me gusta eu vivín a etapa do Sr. Rivera e creo que ao final isto pode acabar mal pode haber intereses e agora sabemos que por un acta dunha comisión de goberno que este señor vai tamén a Valdoviño e parece ser que por intereses porque os aparelladores do Concello de Valdoviño teñen intereses e gratificacións dunha obra e creo que isto temos que ordenalo, a min paréceme ben que os concello o que teñen e que axilizar cando teñen algún problema, eu creo que agora hai técnicos suficientes no paro como poden ser arquitectos, aparelladores coa crise e o tema do urbanismo en todo o país e creo que se debe botar man deles. A min que sexa unha cousa puntual paréceme ben, pero que sexa reiterativo que agora mesmo parte do Concello de Ares este atendendo a concellos da comarca a cousa no pinta ben entón, nós non estamos de acordo nisto porque como dixen anteriormente unha cousa puntual pódese facer pero si a cousa xa é reiterativa os concellos terán que gobernar e sacar as cousas adiante e neste caso no tema de urbanismo creo que hai aparelladores e arquitectos suficientes para poder reemprazar a esta persoa no servizo e aquí en Ares temos varias persoas que son arquitectos e aparelladores que están desexando ter unha oportunidade para poder traballar.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non depende de nós darlle esa oportunidade, nunca lle dicimos que non a ningún alcalde e en consecuencia imos a defender esta colaboración porque mañá nos toca a nós e esta xente efectivamente cobra aquí a totalidade e no sitio no que va





cobra as horas que vai porque si indo a Fene se lle desconta aquí o que non fai aquí para cobrar ala pois eu creo que non iría entón, mantén o seu salario en Ares e estas horas se lle paga en Fene a maiores esta é a realidade. Nós tivemos aquí policía locais de Fene e cobraron o de Fene e a maiores aquí.

O Sr. Alcalde abre unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que paréceme un pouco chocante o que acaba de explicar agora o Sr. Alcalde entre outras cousas porque aquí na petición do Concello de Fene non xustifica o motivo nin a ausencia simplemente di “principio de colaboración interadministrativa e solicita formalización dun convenio para que o funcionario dese Concello Benito Calvo poda realizar función como arquitecto técnico nesta administración os seguintes días” ningunha temporalización, isto que é unha semana, dúas semanas, un mes, dous meses.

Responde o Sr. Alcalde o que dure.

Continúa o Sr. Mesías Farías manifestando que é moi pouco serio, se a colaboración é interadministrativa pois que sexa interadministrativa que o Concello de Fene unha petición xustificada ao respecto dunha urxencia, que entendo que é unha urxencia e que diga necesitamos un arquitecto pero isto de que o Concello de Fene habendo aquí dous arquitectos xa vaia a requirir un, xa non me parece unha colaboración interadministrativa, paréceme unha colaboración persoal, interadministrativa sería, déixenos un traballador si é posible agora si é tal traballador xa non é unha colaboración interadministrativa senón que entra xa dentro dun capítulo dunha cuestión de conveniencia porque xa escolle e paréceme moi forte o feito porque xa nos pareceu outras veces, que vai a cobrar non polo que traballa, senón polo que traballa e polo que non traballa, porque vai a cobrar polo que traballa en Fene e vai a cobrar polo que non traballa os días que este en Ares entón isto nós non o podemos votar para diante.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que polo xeral isto é unha practica de cortesía e os traballadores que se prestan a esta colaboración soen deixar todo listo en Ares e dicir, el non vai deixar de facer o seu traballo esta claro que non estar aquí o martes pola mañá é un día a semana que non vai estar, pero está claro que o seu traballo vaino deixar feito como si ten que vir aquí polas tardes e non vai cobrar horas extras isto sempre foi así. O secretario cando se foi a outros concellos nunca deixou de facer a súas funcións en Ares, e Benito non vai deixar de facer as súas funcións en Ares, Benito vai seguir facendo todo non virá o martes pero vai deixar o seu traballo feito porque sempre foi así, hai un acordo máis ou menos nese sentido de que isto non pode ser a custe do traballo que hai aquí e houbo mil casos como este e non pasou nada, non se deixou de facer o traballo aquí, isto é unha realidade e fácil de entender Benito non vai deixar de facer o seu traballo.

Intervén o Sr. José Manuel Fernández dicindo que eu vivín a situación e nós cando foi o tema de Rivera podíamos tirar dun arquitecto da comarca e contratamos a unha rapaza que estaba no paro e estaba no INEM apuntada, fixo cursos e a preparamos e despois pasou o que pasou e sacamos as prazas públicas e nunha entrou el e xente que estaba no paro, eu creo que estes





concellos terán que facer o mesmo están deixando sen funcionarios a todos os concello isto é reiterativo como dixen anteriormente temos o tema de fai uns días onde chegou unha comisión de goberno no cal este señor se lle deixa ir ao concello de Valdoviño a asinar unha proxectos, e pide a autorización que o autorizaches na comisión de goberno entón, non pode ser hai que tirar do INEM, hai que darlle oportunidades a xente nova, aquí durante oito anos non trouxemos ningún funcionario de outro lado nin secretario, nin interventor nin nada fomos amañando e se había que tirar pois tirábamos do INEM que é o que hai que facer e non estas cousas porque a min isto non me gusta porque eu vivín a situación de Rivera e non me gusta teño que dicir que realmente e en público que non me gusta esta situación e máis neste oficio que é onde máis para hai que son arquitectos e apareladores, eu creo que hai que ser responsables e deben tirar de xente cualificada que hai na comarca e como dixen antes aquí en Ares temos varios cualificados e están facendo proxectos, que fagan un estudo técnico dun aparelador que vai nas resolucións que imos falar despois entón creo que nos parece ben pero que temos unha situación que non o podemos facer, unha cousa e que sexa algo puntual, unha urxencia pois si, pero que xa sexa algo habitual que deixemos persoal aos demais concellos pois paréceme que non, eu estou en contra de todo isto.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o punto xa esta debatido e que as posicións están claras polo tanto sometemos a proposta a votación.

Sometido a votación a “Solicitude de colaboración interadministrativa do Concello de Fene que dará lugar a formalización dun convenio para que o funcionario este concello D. Benito Calvo Castro poda realizar funcións como Arquitecto Técnico” o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdG-PSOE, 1 de NAL e 5 en contra (2 do BNG e 3 PP), acorda prestar a súa aprobación.

#### **Punto núm. 6.- Rogos e preguntas**

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dando as grazas e dicindo que en canto as preguntas queremos realizar unha ao respecto das “Anclas”, estamos vendo como medios de comunicación están sacando noticias sobre a urbanización As Anclas, máis que noticias parecen publireportaxes, non sabemos moi ben cal é a razón pero aí están entón nós queríamos facer unha pregunta porque vimos que pola parte traseira levantaron uns postes de madeira para enganchar luz dun poste público e lévalo ao mesmo edificio entón a pregunta é, ese edificio que tiña orde de paralización de obra, ¿tiña o subministro de luz e máis de auga cortado?, esa é a primeira pregunta, e si non o tiña cortada ¿como é que colleu o enganche por arriba si polo fronte da rotonda xa tiña a luz?, outra pregunta é ¿sodes coñecedores desta circunstancia, si están enganchedos ao alumeado público ou si eles teñen un contador, ou dito doutro xeito, si está pagando o concello de Ares os veciños/as do Concello de Ares ese gasto enerxético ou o están pagando eles?, a nós dende logo pareceunos bastante raro que se levantaran uns postes de madeira para enganchar nun poste de alumeado público e lévalo arriba, esa era a primeira pregunta.





En canto resolución, ven unha en resolución de gasto hai un gasto de cultura a HARPAZUL PRODUCCIÓN de 417,45€ que queremos saber de que se trata ese gasto.

Interrompe o Sr. Alcalde preguntando cal é o nº de resolución.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que non a teño localizada, pero a Concelleira seguro que ten, ven na resolución de gasto.

O Alcalde pregunta cal é o concepto.

Responde novamente o Sr. Mesías Farías dicindo que non pon o concepto solo pon o nº de factura.

O Sr. Alcalde pregunta a quen se lle paga.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que a HARPAZUL.

Continúa o Sr. Mesías Farías formulando un rogo, na Rúa Salazón o sentido da marcha e dos vehículos é entrando para que nos entendamos, Avda. de Redes fronte DIA e entramos pola Rúa Salazón e hai uns aparcadoiros en batería e hai queixas do vecindario porque agora co cambio de direccións de rúas que se fixo senón teñen aparcamento en batería, teñen que dar toda a volta, métese en fronte MASTER, baixan rumbo a FROIZ e xa non se poden meter a dereita senón que teñen que continuar cara ao FROIZ e tampouco se poden meter polo aparcadoiro dos TAXIS porque é dirección contraria senón que teñen que saír por ABANCA para voltar outra vez a entrar, explícome non, isto provoca que o vecindario se queixe con bastante razón porque non entendemos primeiro, porque se organizou así o tráfico, non hai tanto tráfico como para facer isto e ter que dar toda esa volta entón, nós o que pedimos é que haxa unha reordenación do tráfico nesa zoa para que a xente non teña que dar tanta volta porque consideramos que non é necesario non é por outra cousa, igual noutros sitios teñen que dar tantísima volta non sei, pero aí nós entendemos que non hai, por iso pedimos que se faga unha reordenación do tráfico.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que na Rúa Real, eu cando vou a xantar a casa da miña sogra senón teño aparcamento por diante teño que dar a volta polos NANOS, subir ata igrexa e volver a baixar, voltas como esa en todo Ares por culpa de dirección únicas, é así, entro en Hermanos Bugallo para aparcar e senón encontro teño que ir ata a Rúa Real subir ata o Mazote e volver a dar toda a volta.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que non é igual unha rúa principal como é a Rúa Real que esta.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que cando vas polos NANOS Tes que meterte pola capela evanxélica é dicir non é moi fácil, cousas así por desgraza por direccións únicas esas cousas haberá que comentalas coa policía para saber cal foi a razón que loxicamente son eles os que reorganizan o tráfico.





Continúa o Sr. Mesías Farías facendo unha pregunta ao respecto dos orzamentos do ano que ven, cal é a previsión, si se van a levar este mes antes de que remate o ano e cal é a previsión si se está a traballar neles, e si están avanzados.

Queríamos facer tamén un rogo do que sucedeu a semana pasada na comisión onde se levaba o POS+2020, a comisión estaba convocada para a 13:00h e era a 13:30h e aínda non comezara a comisión, os membros da comisión estaban alí, faltaba o que a presidía entón nós o que dicimos e que volvemos a reiterar porque a persoa que tiña que ir do noso grupo tivo que irse, entón claro a persoa que atende a convocatoria e que está en hora ten que marchar ou esperar media hora e polo tanto consta como que non asistiu entón nós queríamos saber se habería algunha maneira de ordenar o tema este das reunións, das comisións, dos plenos, que non sexa todo de última hora, mal plantexado, agora as 11:00 agora as 10:00, volvemos a facer ese rogo porque como dicía no pleno anterior, é bastante complicado ser concelleiro aquí neste concello, digo neste concello porque falei con outros concello e isto non pasa.

Outra cuestión é ao respecto de cómo se levan aquí a organización dos plenos, e o vemos agora co tema do POS, o regulamento está ben claro, as intervencións unha vez que o Alcalde abre o punto do día as intervencións van ao respecto dos grupos de menor a maior representación e cada un ten dúas quendas, polo tanto pode haber debate non ten sentido ningún que nós, esgotasemos as dúas quendas de intervención e que o representante do NAL que é o grupo que tiña que falar ao principio de todo fale unha vez que nós rematemos a quendas de intervencións e non se nos posibilite a nós rebater a súa posición, esperemos que isto non se volva a repetir, e pola nosa parte nada máis.

Remata o Sr. Mesías Farías dando as grazas.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que no último pleno se nos dixo que se nós ía a contestar as preguntas que fixemos que eran tres e se nos ía a contestar hoxe, non sei si por escrito ou verbalmente.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que se contestaran verbalmente cando rematedes de formular as deste pleno as deste pleno quedará para o seguinte e as do anterior as contestamos hoxe.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que con respecto as preguntas á alcaldía son dous, queremos saber como dixen anteriormente cando foi o tema de Benito que hai un estudo e pagáronse 2192 ,52€ a ÁTOMO ESTUDIO TÉCNICO S.L. queremos saber que clase de estudo se fixo e para que. A segunda pregunta é un pago de 500€ a unha tal Amelia Tiganus e a resolución é a 524/19 e a anterior é a 496/19, a do estudo técnico é a 496/19 e a outra é a 524/19.

Responde ao Sr. Alcalde dicindo que a 524/19 son varios pagos.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que é unha.





Responde o Sr. Alcalde dicindo que a 524/19 é aprobación de pago de facturas.

Intervén novamente o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si pero eu pregunto por unha en concreto, non por todas.

Toma a palabra o Sr. Alcalde preguntando polas preguntas do anterior pleno.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que unha pregunta era sobre o pago dunha factura de 5000€ a Cayetano, a segunda era cando vai a levar a cabo a contratación da EDAR e a última a marquesiña de Lubre que a xente se queixa de que leva moito tempo rota e cando se vai a arranxar iso.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a concelleira de cultura a Sra. Alma Barrón Ferro.

Intervén a Sra. Alma Barrón Ferro manifestando que o D. Cayetano Lledó está dentro da rede de cultura da deputación e estaba dentro da programación de Ares Indiano que consistiu nun mago-animador co proxecto dos dous días sobre o que pagamos o 40%.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que en canto a mesa de contratación da EDAR doulle a palabra ao Sr. Secretario.

Intervén o Sr. Secretario dicindo que xa temos o informe técnico e a motivación e agora a raíz do acordo extraxudicial e transacción o recibo e irá a mesa de contratación para a súa adxudicación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que en canto a marquesiña un vehículo destrozouna arranxouse e a vandalizaron o fin de semá entón quedou torcida do accidente e agora está totalmente enderezada pero ten o cristal lateral roto e o techo roto e dicir, nun fin de semá a vandalizaron toda e volvimos a dar nota a deputación para que a volverán a arranxar, isto foi en carnaval cando un coche a destrozou e arranxaron en setembro xusto antes do inicio do curso escolar.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que non é competencia nosa, é de deputación.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non, é da deputación polo tanto dimos parte a deputación e a deputación arranxouna en setembro antes do inicio do curso escolar e en outubro ou a principios de novembro con dous bloques romperon os cristais agora só teñen danos nos cristais, antes estaba destrozada e o que di a deputación é que os cristais xa están pedidos e en canto veñan os repoñen, eu non entendo ven a política dos cristais que se rompen con máis facilidade.

En canto a pregunta sobre o estudo técnico vai a responder a esta pregunta a Concelleira de Urbanismo.







Intervén a Sra. Marcos García manifestando que non é un estudo técnico, a empresa chámase ATOMO ESTUDIO TÉCNICO é un proxecto que se fixo para o alumeadado da estrada Ares-Franza.

Con respecto a Resolución 524/19 vaina contestar a Concelleira de Servizos Sociais.

Intervén a Sra. Montenegro Paz dicindo que foi unha charla que se deu no Instituto de Mugardos o cal nos pediu colaboración porque estaban interesados nesta charla e como hai alumnos de Ares nós colaboramos, de feito o CPI As Mirandas tamén nos pediu colaboración para dar esta mesma charla, a queríamos traer este mes pero non tiña datas libres ven o o día 13.

Continúa o Sr. Alcalde dándolle a palabra a Concelleira de Urbanismo para responder a pregunta sobre a Urbanización As Anclas.

Intervén a Sra. Marcos García dicindo que descoñece si ten subministro ou non.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que no caso das Anclas hai un expediente de reposición de legalidade urbanística e en consecuencia o concello non pode opoñerse a quen ten vontade de cumprir, eles pediron a execución das obras tanto de corrección de elementos que están mal como de cumprimento de reposición da legalidade entón dende logo auga non teñen e luz tampouco, poden ter auga e luz de obra que é o que poden ter, porque a obra non ten licenza de 1ª ocupación e sen licenza de 1ª ocupación Fenosa non da luz e o concello non da auga entón hai que ver si efectivamente teñen subministro e si é certo o que estas dicindo.

Interrompe o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando si non se lle deu licenza para facer as modificacións.

Responde o Sr. Alcalde en principio xa hai resolucións que din o que teñen que facer, pero teñen luz e auga de obra.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si teñen licenza teñen que ter auga e luz de obra para facer as obras.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si que é para facer a obra, non hai ningún problema.

Continúa o Sr. Alcalde dando a palabra a Concelleira de Cultura para responder a pregunta sobre a resolución de HARPAZUL PRODUCCIÓN.

Intervén a Sra. Barrón Ferro manifestando que o ano pasado tivemos un problema de compatibilidade co xerador e o raiter e lle pedimos a esta empresa que o solucionaran e é esta factura.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que en canto a sinalización da Rúa Salazón falaremos coa Policía Local pero efectivamente as direccións únicas son un problema.





En canto aos orzamentos o que é o borrador eu creo que xa está, xa se baixou a tesourería-intervención e agora faltan os axustes do que ten encaxe e a previsión será ao longo do próximo mes.

En canto a comisión do POS+2020, aquí esperase sempre por moita xente, esperase por todo o mundo esta semana e a anterior non foron semanas ordinarias e en consecuencia e tiveron cousas da Alcaldía e atraseime en incorporarme nesa comisión e esa foi a situación a veces pasan estas cousas e a verdade é que hai que intentar que non pase pero nese momento había moita xente na alcaldía para falar e lles atendín primeiro, cometín o erro de atenderlles primeiro e debín de entrar a comisión.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que na comisión avisei a secretaria que puxeran asistencia e ten que poñer asistencia porque ela estivo alí trinta ou corenta minutos.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que cando empezou a comisión se puxo que non estaba.

Intervén o Sr. Secretario dicindo que se pode corrixir.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que con respecto a intervención de NAL non é unha situación ordinaria o que pasa e que temos un nivel de intolerancia elevado ao máximo expoñente, xa intervén pouco e quixo intervir despois de rematadas as dúas quendas e creo que é a primeira vez que sucede, non sucede isto de maneira continúa e efectivamente non creo que sexa un problema.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e sete minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

*Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente*

*Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor*

